

EDILIM: Bioxeoaventuras 1ºE.S.O
DOCUMENTO TÉCNICO (Galego)


O sistema Lim é unha contorna para a creación de materiais educativos. Os mesmos presentan as seguintes características:

- Contorna agradable.
- Facilidade de uso para os alumnos e alumnas.
- Actividades atractivas.
- Posibilidade de control de progresos.
- Avaliación de exercicios.
- Recurso fácil para o docente. Non hai que preparar os ordenadores.
- Posibilidade de utilización en ordenadores, pda e Encerados Dixitais Interactivas.
- Creación e modificación de actividades de forma sinxela.


INSTALAR UN CADERNO EDILIM NUN PC

Mediante esta opción poderemos utilizar Bioxeoaventuras nun ou varios PCs pero coa desvantaxe de que para avaliar ó alumnado é necesario que o alumno/a nos amose os seus resultados cliqueando na icona de Informe e debemos anotar resultados (outra opción sería que cada alumno fixese unha captura de pantalla deses resultados e enviase ó profesor/a un correo electrónico coa mesma). O procedemento de instalación nun PC é o seguinte:


1º) Unha vez descargado o caderno, que se atopa en formato comprimido (*p. ex. u1xeoaventurasnouniversoeaterra.zip*), o situamos nunha carpeta (*p.ex. "Documentos"*) do noso PC.



2º) Procedemos a descomprimir o arquivo facendo dobre clic (debemos ter instalado previamente un programa de descompresión de arquivos, *p. ex. WinZip*). Abrirase o programa indicando o contido do arquivo comprimido e cliqueamos na icona "Extraer en"



3º) Indicamos en que carpeta queremos extraer o contido do arquivo comprimido (o lóxico sería na carpeta creada previamente, onde se atopa o propio arquivo que estamos descomprimindo). Unha vez descomprimido apareceranos nesa carpeta unha serie de arquivos.



Un arquivo .html (p. ex. *U1xeoaventurasnouniversoeaterra.html*) que cando o abramos activará navegador e o caderno LIM e xa poderemos realizar as actividades.




Un arquivo .lim (u1xeoaventurasnouniversoeaterra.lim) por se queremos modificar o caderno. Para iso debemos ter instalado o programa EDILIM.
 Unha carpeta (p.ex. u1limexerec) que contén as imaxes e audios do caderno.
 Outros arquivos que non debemos modificar.

INTEGRAR LIM EN MOODLE

Moodle é un dos sistemas de LMS (Learning Management System) máis populares. A maioría dos centros públicos adscritos á Consellería de Educación dispoñen dunha Aula Virtual en formato Moodle. É posible integrar nun curso de dita Aula Virtual cada un dos cadernos LIM de Bioxeoaventuras, o cal nos permitirá poder avaliar dun xeito global a todos os alumnos/as.

Por exemplo, numerosos IES participan no Proxecto Edixgal. Bioxeoaventuras foi creada para ser un material complementario ós libros dixitais proporcionados pola Aula Virtual EVA EDIXGAL. O procedemento para instalar o caderno LIM en dita Aula Virtual é o seguinte:

1º) Damos por suposto que xa hai un curso creado na Aula Virtual do centro educativo. Engadimos como actividade unha denominada Paquete SCORM



2º) No cadro de diálogo que se abrirá poñemos nome e descrición do caderno. Despois adxuntamos no recadro “Paquete” o arquivo comprimido co caderno LIM (p.ex. *u1xaoaventurasnouniversoeaterra.zip*) e comeza a cargarse.

Agregando Paquete SCORM a Unidade 3. A Terra no universo [Expandir todo](#)

▼ General

Nombre* U1. Xeoaventuras no Universo

Descripción*
 Caderno LIM con actividades sobre o Universo e a Terra.
 Ruta: p

Muestra la descripción en la página de la asignatura ☐

Tipo de SCORM Paquete zip

Paquete [Seleccione un archivo...](#) Tamaño máximo para archivos nuevos: 300MB
 u1xaoaventurasnouniversoeaterra.zip

Materia del catálogo
 1ESO - Biología e Xeoloxía
[Cambiar](#)
 Búsqueda avanzada?

Navegación
 Página Principal
 ■ Área personal
 ► Páginas del sitio
 ► Mi perfil
 ▼ Asignatura actual
 ▼ Biología e xeoloxía
 ► Participantes
 ► Insignias
 ► Unidade 3. A Terra no universo
 ► Unidade 8. Os seres vivos
 ► Unidade 9. Os seres vivos
 ► moneras, protozoos e fungos
 ► Unidade 12. O mundo da vida

3º) Indicar tamén, para maior comodidade do alumnado, na lapela de “Configuración de pantalla/Mostrar” a opción “Abrir Obxectos de Aprendizaxe” nunha nova ventá.

▼ Configuración de pantalla

Mostrar* Abrir Objetos de Aprendizaje en una ventana nueva

Anchura* 100%

Altura 100%

4º) Revisamos o resto de lapelas do Moodle (datas de acceso, método de cualificación, axustes,...) para configurar o recurso ó noso gusto e lle damos a “Gardar cambios e mostrar”. Abrirase unha nova ventá que nos permite entrar na actividade LIM

Información Informes

U1. Xeoaventuras no Universo e a Terra

Caderno LIM con actividades sobre o Universo e a Terra.
 Número de intentos permitidos: Sin límite
 Número de intentos realizados: 0
 Método de calificación: Intento más alto
 Calificación informada: Ninguno

Moda: ☐ Vista previa ☒ Normal

[Entrar](#) [Volver a la asignatura](#)

5º) Seleccionamos “Moda: Normal” e “Entrar” e comezamos a actividade nunha nova ventá.



6º) Unha vez que os alumnos teñan feito o caderno poderemos revisar de xeito global individualizado os resultados consultando a lapela “Informes”.

